

Xosé Carlos Caneiro: «A literatura actual vive a procesión dos simulacros»

[Rodri García](#) A CORUÑA / LA VOZ. [CULTURA](#)

O autor de Verín presentou onte o seu novo libro, «Un último destino», co que pecha «todo o mundo novelesco anterior».

06 ago 2010.

Láíase Caneiro, sen abandonar o seu sorriso, das labazadas que ás veces recibe, desde determinados foros, polas súas opinións. O que ninguén pode negarlle ao escritor de Verín é a súa paixón pola literatura, a súa defensa da escrita de calidade, das boas historias, da forza da palabra, da Literatura, así, con maiúscula: «A palabra non só pretende reproducir a realidade, senón crear unha realidade nova. De aí o logocentrismo da miña obra, o seu coidado lingüístico». Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) presentou onte na feira do libro da Coruña a súa nova novela, *Un último destino* (Galaxia), coa que pecha un ciclo: «É a última novela que vou escribir con estas características, con este estilo. Intentarei reinventarme no futuro».

-¿Por que este cambio?

-É un reto, pero as carreiras literarias dos escritores aos que admiro están feitas de retos: Cunqueiro cambiou moitas veces, o mesmo que Valle-Inclán. A miña literatura quere ser sempre unha homenaxe á literatura, un panexírico aos autores e ás obras que amo.

-Seguirá escribindo, ¿non?

-¡Por suposto! Nunca se me ocorrería deixalo, e menos convocar unha rolda de prensa para anunciálo. Esta novela está escrita para reafirmar uns principios estéticos que marcaron as miñas dez novelas, máis de cinco mil páxinas, desde *Un xogo de apócrifos*. A estilística desas novelas non é unha cuestión meramente técnica, senón que implica un modo de concibir a arte literaria; esta é unha cuestión que está estudada perfectamente nas máis de mil páxinas que a doutora Olivia Pena desenvolve na súa tese doutoral sobre o meu estilo.

-En *Un último destino* recupera espazos literarios e personaxes das súas novelas.

-Esta novela é unha meditación poética sobre a existencia. As miñas dez novelas son unha novela. Chamarémola novela fenomenolóxica: procuro sempre a esencia dos personaxes, a súa humanidade, non o mero relato das súas peripecias. A miña linguaxe fáustica non tería sentido noutro mundo literario. En *Ámote* ou *Un xogo de apócrifos* ou *A vida nova de Madame Bovary*

ou *Ébora* está plenamente xustificado. Un último destino é a consumación de todo o mundo novelesco anterior.

-¿Que busca na literatura?

-Explorar a vida secreta dos sentimentos. Reliteraturizar a literatura. Iso é o que quería nos anos noventa e sigo a desexar agora. A literatura vive actualmente unha situación á que poderíamos aplicar un título de Jean Baudrillard: A procesión dos simulacros.

-¿Importa a calidade?

-A literatura actual non pide calidade, non se demanda. Unha función da literatura é divertir e a outra revelar; a revelación é algo necesario, pero agora o único que se esixe é a diversión. Se non existe esa revelación dá igual todo, ata meter un tiburón en formol e cobrar millóns de dólares por iso dicindo que é arte. Nas artes vivimos un proceso de simulacro, de certo cinismo.

-As súas novelas acadaron practicamente todos os premios da literatura galega.

-Si, e estou moi agradecido a todos os xurados que me deron eses premios, sempre baixo plica. A cara descuberta son o escritor galego menos premiado, só recibín o premio nacional da Crítica por *Un xogo de apócrifos*. Pero despois do Eixo Atlántico e o Blanco Amor por *Ébora* non tiveron máis. *A vida nova de Madame Bovary* foi moi ben acollida polos lectores, e aínda se sigue vendendo; para min supuxo unha decepción que non fose recoñecida polo sistema literario galego, pareceume unha inxustiza.

-¿Foi por ignorancia?

-Hai un pecado maior que a ignorancia: non querer saír dela. Non se poden ler as miñas obras cos mesmos criterios que se le a literatura/ocio que o presente alimenta.